



INFORMACIÓN SOBRE O ENSINO ARTÍSTICO DE MÚSICA NO CMUS DE CULLEREDO

Que é e para que serve o ensino artístico de música

O ensino artístico de música non ter carácter obrigatorio e está considerado como de *Réxime Especial* no sistema educativo definido por la Lei Orgánica de Educación.

Este tipo de ensino pode realizarse, dependendo das expectativas e intereses de cada alumno e alumna en conservatorios, centros autorizados (ensino regrado) ou en escolas de música (ensino non regrado).

O ensino de música regrado diríxese a aquelas persoas que teñen interese en converterse en profesionais e, polo tanto levan implícita unha certa expectativa laboral; este ensino realízase nos conservatorios e centros autorizados pola administración educativa e posibilitan unha titulación oficial. En definitiva, enfócase a aquel alumnado que posúa aptitudes e vontade para dedicarse a este tipo de estudos xa que esixen constancia e vocación.

Para aquelas persoas interesadas como afeccionados ofréceselles a oportunidade de adquirir unha formación en música nas escolas de música, a través dun ensino non regrado na súa estrutura e contidos.

	CONSERVATORIOS E CENTROS AUTORIZADOS	ESCOLAS DE MÚSICA
Tipo de ensino	Ensino regrado	Ensino non regrado
Finalidade	Cualificación de profesionais	Formar afeccionados/as e descubrir vocacións e aptitudes
Titulación	Título académico-profesional	Diplomas, certificacións...

Organización do ensino regrado de música

O ensino de música nun conservatorio ou centro autorizado pode conducir ao exercicio profesional mediante unha formación que pretende adecuarse ás demandas do mundo laboral. Organízase en tres niveis:

ENSINO	CURSOS	TITULACION
ELEMENTAIS	4 cursos	Certificado
PROFESIONAIS	6 cursos	Título Profesional
SUPERIORES	4 cursos	Título superior asimilable a Grao

O noso Conservatorio

O Conservatorio de Música de Culleredo foi creado polo Decreto 333/1990, do 8 de xuño, como conservatorio de música non estatal de grao elemental dependente do Concello de Culleredo, transformándose, posteriormente, mediante o Decreto 67/2002, do 28 de febreiro, en conservatorio profesional.

Neste centro impártense ensinanzas regradas elementais e profesionais de música das disciplinas de piano, guitarra, acordeón, frauta traveseira, clarinete, trompeta, saxofón, violín, violonchelo, canto e percusión.

ENSINO ELEMENTAL

Na nosa comunidade autónoma a regulación do ensino elemental está recollida no Decreto 198/2007, do 27 de setembro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polo que se establece a ordenación do grao elemental de música.

Como se accede?

Para o acceso ao primeiro curso das ensinanzas elementais é preciso realizar unhas probas que se desenvolverán no centro. Para presentarse a estas probas non é necesario ter coñecementos musicais previos e nelas valóranse as aptitudes rítmicas, auditivas, vocais e psicomotrices dos aspirantes.

Os exercicios que se realizan para avaliar estas aptitudes non teñen carácter eliminatorio de xeito individual, senón que a valoración efectúase globalmente.

Tamén se pode acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superados os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba. Nestas probas avalíanse, ademais das aptitudes anteriormente mencionadas, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que solicitan praza.

En todo caso, a idade mínima de acceso para o grao elemental será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

Estrutura do ensino elemental de música no CMUS de Culleredo

A continuación expóñense as materias que cursan os alumnos matriculados nos catro cursos do grao elemental, coa súa duración semanal:

MATERIAS	CURSOS			
	1º	2º	3º	4º
Instrumento	45'	45'	1	1
Linguaxe Musical	2	2	2	2
Educación auditiva e vocal	1	1	1	1
Total horas	3 horas e 45'	3 horas e 45'	4	4

O profesor da especialidade instrumental será o titor do alumno e poderá recomendar que este acuda ás clases acompañado dun adulto para apoiar a aprendizaxe.

No CMUS de Culleredo os alumnos de grao elemental teñen a posibilidade de participar na actividade extracurricular de orquestra e/ou de coro.

ENSINO PROFESIONAL

Na nosa comunidade autónoma a regulación do ensino profesional está recollida no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

Os ensinos profesionais están estruturados en seis cursos e pódense realizar de forma paralela á ESO e Bacharelato.

O alumnado que supere os ensinos profesionais de música obterá o Título Profesional na especialidade cursada. Ademais, se supera as materias comúns do Bacharelato, poderá obter o Título de Bacharel.

Como se accede?

Para acceder ao grao profesional non é necesario cursar previamente o elemental; é suficiente demostrar os coñecementos adecuados para pasar a proba de acceso establecida para cada un dos cursos e poder seguir con rendemento os devanditos estudos, independentemente de onde se adquiriran os coñecementos.

Nas probas de acceso ao grao profesional o aspirante debe realizar unha proba completa que demostre que acada o nivel axeitado para a continuación do grao profesional de música.

As probas de acceso na nosa comunidade autónoma deben cumprir o disposto na Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música e na Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

Na proba de acceso para acceder ao primeiro curso do ensinanzas profesionais de música debe valorarse a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais e consistirá en:

- a) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio escrito de coñecementos de linguaxe musical, ditado e lectura cualificarase de cero a dez puntos. Será necesaria unha cualificación mínima de cinco puntos para superalo.
- b) Exercicio de interpretación, que se cualificarase de cero a dez puntos e será precisa unha cualificación mínima de cinco puntos superalo. Nas especialidades instrumentais deberase efectuar unha interpretación de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá ser de memoria. Na especialidade de canto, deberanse interpretar tres obras de diferentes estilos, libremente elixidas pola persoa aspirante, das cales unha será de repertorio lírico.

Neste exercicio o aspirante debe acudir coas partituras orixinais das obras. O tribunal poderá requirir que as ditas obras se interpreten completas ou en parte.

Ademais, no caso de que a obra esixa acompañamento pianístico, este correrá a cargo do aspirante, xa que o noso centro non ofrece este servizo.

A puntuación definitiva da proba será a media ponderada da cualificación obtida en cada un deles, supoñendo o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo un 30 por cento da nota final.

Para acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais deberá superarse unha proba de características e formato similar ao acceso ao primeiro curso, pero na que se valorarán os coñecementos e aptitudes das materias e contidos do curso inmediatamente anterior ao que se opta.

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte instrumental.

Estrutura do ensino profesional

No grao profesional incrementase a carga lectiva, o número de horas e asignaturas que se deben superar por curso. As asignaturas van cambiando segundo a especialidade e están recollidas no *Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música*.

A continuación facemos un resumo das materias por especialidade, curso e tempos lectivos semanais:

Especialidades: CLARINETE, FRAUTA TRAVESEIRA, SAXOFÓN, TROMPETA, VIOLÍN E VIOLONCHELLO.

MATERIAS	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe Musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Orquestra	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5
Conxunto	1	1				
Música de cámara					1	1
Novas tecnoloxías aplicadas á música			1			
Piano complementario			0,5	0,5	0,5	0,5
Historia da música				2	2	
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas	5,5	5,5	6	7	8	8

Especialidade: GUITARRA

MATERIAS	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe Musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Conxunto	1	1	1	1		
Coro	1	1	1	1	1	1
Música de cámara					1	1
Novas tecnoloxías aplicadas á música			1			
Piano complementario			0,5	0,5	0,5	0,5
Historia da música				2	2	
Repentización e acompañamento					0,5	0,5
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas	5	5	6,5	7,5	8	8

Especialidade: ACORDEÓN E PIANO

MATERIAS	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe Musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Conxunto	1	1	1	1		
Coro	1	1	1	1	1	1
Música de cámara					1	1
Novas tecnoloxías aplicadas á música			1			
Historia da música				2	2	
Repentización e acompañamento				1	1	1
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas	5	5	6	8	8	8

Especialidade: CANTO

MATERIAS	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Instrumento	1	1	1	1	1	1
Linguaxe Musical	2	2				
Harmonía			2	2		
Análise					2	2
Coro	1	1				
Música de cámara			1	1	1	1
Idiomas aplicados ao canto	1,5	1,5	1	1	1,5	1,5
Piano complementario			0,5	0,5	0,5	0,5
Historia da música				2	2	
Itinerario						1
Optativa						1
Total horas	5,5	5,5	5,5	7,5	8	8

Sistema de elección de horario individual de especialidade

A elección do horario individual da especialidade efectúase a principio do curso escolar, unha vez coñecido o horario das materias colectivas e tendo en conta a dispoñibilidade do profesor especialista, seguindo a orde que se determina a continuación:

O alumnado de grao profesional elixirá horario en primeiro lugar atendendo aos seguintes principios:

- Terán prioridade na elección de horario os alumnos matriculados no curso máis alto e en orde decrecente. Elixirán en primeiro lugar os alumnos matriculados no 6º curso, a continuación os matriculados en 5º, despois os de 4º e así sucesivamente ata o 1º de grao profesional.
- Nun mesmo curso e materia, terá prioridade o alumnado con mellor nota media do curso anterior, excepto os alumnos que accedan a primeiro do grao profesional, que terán prioridade na elección de horario segundo a nota obtida na proba de acceso.
- No caso de empate e que escollan horario co mesmo profesor, realizarase un sorteo no mesmo momento da elección. O método para levar a cabo o mesmo será o que determine o propio docente.
- No caso dos alumnos repetidores, terase en conta a nota media do curso repetido.
- Para os alumnos con materias pendentes, tomarase en conta a nota media do curso anterior computándose as materias aprobadas e as suspensas (pendentes).
- Os alumnos que accedan mediante proba de acceso a calquera dos cursos que non sexan primeiro do grao profesional, elixirán horario no último posto dentro do curso ao que accedan. No caso de coincidencia de máis dun alumno nesta situación, terá prioridade o alumno coa nota máis alta acadada na dita proba.

Despois de rematada a elección dos alumnos do grao profesional elixen horario os do grao elemental, tendo prioridade na elección os alumnos de menor idade, tomando como referencia a súa data de nacemento. En caso de coincidencia e que se elixa co mesmo docente, a prioridade decidírase por sorteo celebrado no mesmo momento da elección de horario mediado polo profesor correspondente.

Sistema de elección de horario individual de piano complementario

A elección do horario de piano complementario realízase en función das horas dispoñibles dos profesores de piano, despois de coñecidos os horarios das clases colectivas e unha vez elixidos os horarios individuais dos horarios dos alumnos de piano. A elección é individual, tendo preferencia os alumnos matriculados en 6º de grao profesional.

Acompañamento pianístico

Durante o curso escolar os alumnos participan nas audicións da súa especialidade, así como en concertos e outros eventos especiais que se desenvolven dentro e fóra do centro. Algunhas das obras, que son elixidas polo titor e o alumno, necesitarán acompañamento pianístico. Como non existe a figura de profesor pianista acompañante no noso centro, esta labor é desenvolvida polos profesores do departamento de piano, que deberán acordar o reparto das especialidades instrumentais que cada un deles asume. O alumno que o necesite debe apuntarse semanalmente para o ensaio co correspondente pianista en función das dispoñibilidades deste e do alumno, sen que exista ningunha preferencia na orde de elección.